

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

CURSOS: 3º ESO

MATERIA: MÚSICA

DEPARTAMENTO: MÚSICA

DATA: 12/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Obxec.	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Comp. Clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
n	B1.1.	B1.1.	MUB1.1.1.	CCEC	Distingue e usa os elementos de representación gráfica da música: liñas adicionais, claves fa en 4ª, intervalos melódicos e harmónicos, matices, alteracións e escalas, compases, indicacións de tempo...	Lectura fluída en clave de sol. Marcación do ritmo según as figuras e combinado coa lectura de notas nos compases máis frecuentes. Clasificación de intervalos, Identificación das escalas. Recoñecemento e práctica das indicacións de tempi e os matices.
b, n	B2.2.	B2.2.	MUB2.2.1.	CCEC	Identifica e describe en distintos tipos de partituras como apoio a audición, os elementos de representación gráfica da música estudados.	Identifica e describe en distintos tipos de partituras como apoio as audicións algúns dos elementos gráficos da música.
	B2.3.					
	B2.4.	B2.3.	MUB2.3.1.	CCEC	Valora o silencio como condición previa para participar á escoita.	Aplica o silencio como condición previa para a audición.
n, b	B1.2.	B1.2.	MUB1.2.1.	CCEC CAA	Analiza e comprender o concepto de textura. Recoñece a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de texturas melódicas, harmónicas e contrapuntísticas.	Recoñece, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de texturas: monódicas e polifónicas, melodía acompañada.
			MUB2.2.1.			
			MUB2.3.1.			
	B.1.1.	B1.6.	MUB1.6.1.	CCEC CSIEE	Practica pezas instrumentais, adecuadas ao nivel, de diferentes, xéneros e épocas da historia da música, a través da lectura de partituras, a nivel individual e en grupo.	Interpreta as pezas practicadas, realizando correctamente a lectura da súa partitura a nivel individual.
	B1.12.		MUB1.6.3.	CSC	Amosa respecto polas propostas do profesorado e dos compañeiros/as.	Respecta ao profesor/a e aos compañeiros.

a, c, d, g, n			MUB1.6.4.	CSIEE CAA	Practica as pautas básicas de interpretación :silencio, atención ao directora e adecuación ao conxunto.	Realiza as pautas básicas de interpretación e concerta a súa interpretación coa do conxunto.
			MUB1.6.5.		Participa activamente, colaborando e amosando unha actitude aberta respectuosa.	Participa e respecta aos compañeiros/as.
m, c, d	B1.6.	B1.4.	MUB1.4.1.	CAA CCEC	Amosa interese polo desenvolvemento das habilidades técnicas nas actividades de interpretación instrumental.	Aplica con corrección algunha das habilidades técnicas aprendidas.
	B1.7.		MUB1.4.4.			
			MUB1.4.5.			

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Seguimento e corrección semanal de todas as tarefas recibidas polo alumnado. As valoracións das tarefas son enviadas por escrito ao alumnado a través dos seus correos electrónicos.</p>
	<p>Instrumentos: Valoración das tarefas a través de escalas de estimación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final vaise facer en función da media das cualificacións das dúas primeiras avaliacións: O alumnado que acade un 5 o máis, poderá subir a nota ata dous puntos en función do grao de realización e aproveitamento das tarefas de repaso, reforzo e ampliación enviadas dun xeito telemático durante o terceiro trimestre. O alumnado que non acade un 5 poderá recuperar e aprobar a materia en función do grao de realización e aproveitamento de todas as tarefas de recuperación encomendadas dun xeito telemático durante o terceiro trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Proba única que se baseará nos contidos relacionados cos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación establecidos neste documento.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non hai alumnos/as coa materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Actividades de recuperación para os alumnos/as coa materia suspensa e que se basearán nos contido e estándares de aprendizaxe non acadados.</p> <p>Actividades de repaso para todo o alumnado, de xeito que permita non esquecer os contido traballados.</p> <p>Actividades de reforzo para o alumnado que necesite reforzar contidos acadados dun xeito pouco satisfactorio.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado sen problemas de conectividade accede as súas tarefas e os recursos necesarios para a súa realización a través da aula virtual do centro.</p> <p>Combínanse diferentes tipos de actividades: de interpretación instrumental, exercicios (Linguaxe musical, instrumentos...) audicións.</p> <p>Faise un seguimento semanal das súas tarefas e as mesmas son devoltas coas correccións e as propostas de mellora correspondentes..</p> <p>Mantense un contacto periódico co alumnado a través do correo electrónico, o teléfono e as vídeo conferencias, especialmente cos alumnos coa materia suspensa e con aqueles outros que requiren dun maior acompañamento no desenvolvemento das súas tarefas.</p> <p>Ao alumnado con problemas de conectividade puntuais fáiselles chegar as tarefas a través do servizo de fotocopias que ofrece o concello.</p>
Materiais e recursos	<p>Materiais de elaboración propia.</p> <p>Recursos dixitais: youtube, páxinas web de consulta.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias e ao alumnado a través da aplicación de mensaxería electrónica de uso xeneralizado no centro (TokApp).
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.